



Colexio San Jorge
Avda. de Coimbra, 24
Teléfono 981-581398
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, a 28 de xuño de 2022

Dona Concepción Fernández Martínez, secretaria do Consello Escolar do cpr-san jorge (15015469),

CERTIFICA:

Que o Plan Dixital para o curso 2022/2023 foi aprobada polo Consello Escolar en sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2022, do que eu así dou fe:

A secretaria

Asdo.: Concepción Fernández Martínez



Vº e Prce o Director

Asdo.: Francisco Collantes Carollo

PLAN DIXITAL



CPR SAN JORGE

Versión 1.0 Xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de Elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento disponible.
- 2.2. Fontes empregadas para o análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos
- 3.2. Indicadores e acción

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimiento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O noso colexio atópase emprazado en zona urbana, o seu enderezo é:
Avda. de Coimbra, 24 en Santiago de Compostela, coa web www.colexiosanjorge.com e o email:
cpr.sanjorge@edu.xunta.gal e colexiosanjorge@colexiosanjorge.com

O Centro está formado por 3 unidades de Educación Infantil, 6 de Educación Primaria e 2 de Educación Especial.

A cadro de persoal do colexio está formada por 16 mestres.

Tres especialistas en Educación Infantil e sete mestres de Educación Primaria.

Dúas mestras pedagogas responsables das aulas de EE.

Unha mestra especialista en Audición e Linguaxe.

Un mestre de lingua estranxeira.

Un mestre de música.

Un mestre de E.F.

Dúas persoas de persoal complementario de E.E.

Alumnos

O número de alumnos no curso 2021/2022 é de 211.

A súa agrupación realízase tendo en conta a idade cronolóxica.

Case na súa totalidade son castelán falantes, inda que nestes últimos anos aumentan os alumnos bilingües.

Persoal Subalterno

Dúas persoas encargada da cocina.

Unha persoa encargada da administración.

Duas persoas encargadas da limpeza.

Destacar a Asociación de Nais e Pais (ANPA) que leva a cabo actividades complementarias e apoia ao Centro na labor educativa e dixital.

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características socioeconómicas e culturais do contexto do Centro.**

O alumnado é maioritariamente do noso Concello. Aproximadamente a metade dos nosos alumnos proveñen dos arredores do centro e a outra metade dende outras zonas de Santiago (núcleo e bisbarra).

No nivel social, podemos distinguir dous tipos: un socioeconómico e outro sociocultural. O socioeconómico dos nosos alumnos pódese considerar medio, namentres que o sociocultural é medio baixo, posto que tan só o 15% dos pais teñen estudos superiores e a meirande parte teñen completos os estudos de Educación Primaria.

- **Traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías. Relación con outros Plans e Proxectos do Centro.**

Dende o ano 2000 neste Centro estiveron presentes as novas tecnoloxías plasmadas nos ordeadores e periféricos na aula de informática e nos equipos audiovisuais. Todos os nenos do Centro (infantil, primaria, especial) teñen como actividade extraescolar “informática”. Dentro desta actividade o 100% do alumnado aprenderon a utilizar as TICs como unha ferramenta nos diferentes contidos curriculares.

O profesorado está formado por profesionais con bastante experiencia acumulada en novas tecnoloxías e moi interesados nas competencias instrumentais para usar os medios tecnolóxicos actuais. A capacitación dos Mestres figura máis adiante.

Dende o ano 2010 no que se recolleron todos os planteamentos no Plan Tic, innováronse as formas de traballado nas aulas e cambiáronse as metodoloxías nas aulas, tal e como figuran nas programación, no Plan Xeral e no P.C.E.

Todo o profesorado participou en cursos de formación no Centro e no ano 2020 comezamos a traballar cunha plataforma educativa (classroom).

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23**

Un dos enfoques da nova Ley de Educación concede un papel central á Competencia Dixital. No plan dixital debe de enfocarse na mellora continúa e nos obxectivos a corto e medio prazo dentro

da docencia. Trátase de converter a tecnoloxía nun elemento de cohesión dentro do propósito de innovación global.

1.3. Breve xustificación do mesmo

En base a estas resolucións que se enumeran abaixo comenzo o curso académico 2021/2022 co proceso de mentorización para o Plan Dixital:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

Preténdese mediante este plan á avaliación da situación do centro segundo o uso da innovación e das TIC nos distintos elementos que recolle o Marco Europeo para Organizacións Dixitalmente Competentes, para poder así deseñar e realizar un proceso de transformación no centro.

Recoñecemos este plan como a estratexia dixital da organización educativa.

1.4. Proceso de Elaboración

Para a elaboración do Plan, ademais dos referentes legais sinalados, tamén se tivo en conta o propio Centro, o seu contexto e recursos para que sexa o máis real e cercano posible.

O proceso comenzo en outubro coa selección do Equipo de Dinamización para o Plan. Neste centro está integrado polo director, tamén titor dun curso de primaria, a coordinadora de infantil e o coordinador Tic.

Xuntámonos ao longo dos meses para ir cumprindo coas propostas do mentor para tal elaboración. Compartimos varias veces nos Claustros o plan e a situación onde nos atopábamos nesa labor de elaboración: primeiro coa realización do SELFIE, no segundo trimestre foi o DAFO e a formulación dos obxectivos, e no terceiro trimestre a realización do Plan Dixital en sí.

2. Situación de partida

2.1. Infraestructura, equipamento e Servizos dixitais.

- **Descrición xeral da infraestrutura dixital e usos.**

- Equipamento de todas as aulas con ordenador e pizarra dixital, Con conexión internet de fibra.
- Mesa Tablet en 4º de infantil
- Unha aula de informática con 26 ordenadores conectados en rede e con conexión a Internet de alta velocidade, 1 impresora láser, 1 impresora multifunción, e unha pizarra dixital.
- Biblioteca con 3 ordenadores conectados en rede, con conexión a Internet, e con pizarra dixital.
- Aula abalar en 5º e 6º de primaria.
- 25 tabletas samsung a disposición de 6º de infantil.
- 25 dispositivos samsung a disposición de cualquier aula de primaria.
- 50 dispositivos Snappet para alumnos de 5º e 6º de primaria.
- 15 Ipad air para uso de 1º e 2º de primaria.

- **Servizos dixitais educativos.**

- Todos os alumnos teñen email co dominio do centro.
- Conexión a internet de alta velocidade por Fibra
- Software devasa “cortafuegos” con xestión de contidos.
- Aula abalar en 5º e 6º primaria.
- Plataforma educativa Classroom.
- Plataforma educativa SM como ferramenta de traballo para os mestres e transmisora de contidos para os alumnos.
- Plataforma educativa en lingua inglesa “blinklearning”.
- Páxina web do centro: www.colexiosanjorge.com
- Espazo protexido na web do centro para descarga de materiais por parte das familias.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**

- A xestión do mantemento corre a cargo dunha empresa privada especializada.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

A elaboración do análise DAFO, levouse a cabo despois da realización da autoavaliación SELFIE por parte do alumnado de 5º e 6º e de todo o claustro de profesores.

Incluimos o resumo das áreas do informe SELFIE na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4.7				
	Profesorado	4.7				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.1				
	Profesorado	4.6				
	Alumnado	4.9				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4.9				
	Alumnado	5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.9				
	Profesorado	4.9				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.6				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4.6				
	Profesorado	4.5				
	Alumnado	4.9				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.7				
	Profesorado	4.7				
	Alumnado	4.9				

Incluimos a información recollida nas táboas 1.3 en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD e as táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>15</u>	<u>16</u>	<u>100</u>
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>1</u>		
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
97,4	Experto (B2)	76,4	Integrador (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	113	Experto (B2)	66,2	Integrador (B1)
Pri.	86,4	Integrador (B1)	77,3	Integrador (B1)
Fd.Esp.	115,5	Experto (B2)	69,4	Integrador (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	3	20%
B1	4	26.7%
B2	6	40%
C1	2	13.3%
C2		
TOTAL	15	100%

Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.A1.Estratexia dixital 2.A2.Desarrollo da estratexia dixital 3.A3.Novas modalidades de ensino 4.C1 Infraestructura 5.C2 Dispositivos dixitais para o ensino 6.C3Accedso a internet 7.C5Asistencia técnica 8.C7 Protección de datos 9.C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe	1.A1.Estratexia dixital 2.A2.Desarrollo da estratexia dixital
	PERSOAL DOCENTE	1.B1 Avaliación do progreso 2.B2 Debate sobre o uso da tecnoloxía 3.B3 Colaboracións 4.D1 Necesidades de DPC	1.G5. Autoreflexión sobre o aprendizaxe 2.G6 Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo

	<p>5.D2 Participación no DPC 6.D3 Intercambio de experiencias 7.E1 Recursos educativos en línea 8.E2 Creación de recursos dixitais 9.E3 Empleo de EVA 10. E4 Comunicación coa comunidade educativa 11.F1 Adaptación as necesidades do alumnado 12.F3 Fomento da creatividade 13.F4 Inclusión do alumnado 14.F5 Colaboración do alumnado 15.F6 Proxectos interdisciplinares 16.G1 Avaliación das capacidades 17.G3 Retroalimentación axeitada</p>	
PERSONAL NON DOCENTE	<p>1.D3 Intercambio de experiencias 2.F4 Implicación do alumnado 3.F5 Colaboración do alumnado</p>	
ALUMNADO	<p>1.C8 Dispositivos dixitais para o aprendizaxe 2.H1 Comportamento seguro 3.H3 Comportamento responsable 4.H4 Verificar a calidade da información 5.H6 Otorgar recoñecemento ao traballo dos demais 6.H8 Aprender a comunicarse</p>	1.H7 Creación de contidos dixitais
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1.B1 Avaliación do progreso 2.C5 Asistencia técnica</p>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1.Multitude de recursos dixitais para empregar na aula 2.Software libre 3.A administración educativa aposta polo Plan Dixital</p>	<p>1.Oferta de actividades de formación non adaptadas aos horarios dos CPR 2.Dificultade de acceso os cursos ofertados pola administración educativa 3.Falta de tempo para a innovar e crear metodoloxías de traballo con Ferramentas dixitais. 4. Carga burocrática do profesorado</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1.C7 Protección de datos</p>	<p>1.C7 Protección de datos 2.A constante modificación de currículos 3.Alto coste da implantación da nova ley de educación</p>
	CONTORNA	<p>1.Alumnado con dispositivos dixitais na casa para o traballo escolar 2.O centro goza de boa imaxe 3.Alumnado con boa capacidade tecnolóxica 4.Facilidade de colaborar e compartir actividades con outros centros</p>	<p>1.Competencia con outros colexios da contorna 2.Baixa natalidade 3.Diferencia entre as distintas familias sobre a visión metodolóxica da ensinanza con tecnoloxía dixital</p>
	ANPA	<p>1.ANPA receptiva a colaborar coas distintas iniciativas tecnolóxicas</p>	
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1.B3 Colaboracións 2.O Concello e outras institucións públicas ou privadas ofrecen actividades e colaboración.</p>	

Plan de Acción

A vista do anterior para a redacción do Plan despois do análise do DAFO marcamos uns obxectivos que supoñen unha mellora da competencia dixital nos apoios e recursos de cara as ferramentas dixitais.

Obxectivos, indicadores e acción

Nosas áreas de mellora son:

- E. Pedagogía
- H. Competencia dixital do alumnado

Os obxectivos relacionados con estas áreas de mellora estarán contextualizados en relación coas do marco DigCompOrg.

Os recursos necesarios para os nosos obxectivos son os PC's do centro e a conexión a internet xunto co repositorio que temos.

O coordinador dos obxectivos será o Coordinador TIC.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

Para cada obxectivo realizarase una avaliación consistente nunha enquisa aos docentes implicados.

Obxectivo 1

Nosa área de mellora neste obxectivo é E.Pedagogía: Apoios e recursos. Mellorar a competencia dixital do profesorado incorporando a plataforma Agueiro e Jamboard para mellorar a estratexia dixital do centro.

Solicitaremos ao CAFI un curso para coñecer a ferramenta Agueiro no 1º trimestre do curso e realizaremos un proxecto con esa plataforma ao longo do curso 2022/2023.

Obxectivo 2

Nosa área de mellora neste obxectivo é H.Competencia dixital do Alumnado. Mellorar a competencia dixital do alumnado, potenciando o uso do Classroom e incorporar outros como Agueiro e Jamboard. No 1º trimestre formaremos ao alumnado nos rudimentos básicos da rede Agueiro e Jamboard. Ao longo do curso traballaremos na realización dun proxecto utilizando estas ferramentas.

Obxectivo 3

Nosa área de mellora neste obxectivo é E.Pedagogía: Apoios e recursos. Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de educación infantil. Solicitaremos un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais. Crearemos ao longo do curso recursos dixitais adaptados ao currículo de EI e publicaremos na aula virtual os recursos creados.

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: Apoios e recursos						
1. OBXECTIVO (3):	Mellorar a competencia dixital do profesorado, incorporando Agueiro e Jamboard para mellorar a estratexia dixital do centro. (*E3: <i>emprego de entornos virtuais de aprendizaxe</i>)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Realizar algún proxecto en AGUEIRO e JAMBOARD. (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida (3)	0, proxecto en AGUEIRO e JAMBOARD.					
Valor previsto e data (4)	1 proxecto en AGUEIRO e JAMBOARD.			Curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Solicitar PFPP ao CAFI para coñecer a ferramenta Agueiro	Equipo directivo	1º TRIMESTRE	Conexión internet PC's Repositorio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Nomear un coordinador para o proxecto en Agueiro	Coordinador TIC	2º TRIMESTRE	Conexión internet PC's Repositorio		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realización dun proxecto de centro durante o curso 2022/2023	Coordinador TIC e titores	3º TRIMESTRE	Conexión internet PC's Repositorio Classroom		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": H. Competencia Dixital do Alumnado						
2. OBXECTIVO (1):	Mellorar a competencia dixital do alumnado, potenciando Classroom e incorporar outros: Agueiro e Jamboard. (H10OP: Habilidades dixitais para diferentes materias)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	No de actividades levadas a cabo co alumnado en Agueiro e jamboard por docente implicado (Instrumento de medida: enquisa aos docentes implicados)					
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data (4)	1 Proxecto realizado co alumnado en Agueiro e Jamboard por docente implicado			Curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Formar ao alumnado nos rudimentos básicos da rede Agueiro e Jamboard (en dúas sesións)	Titores	20/12/2022	Rede Agueiro Jamboard		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Presentación do proxecto	Titores	Finais de outubro	Aula informatizada		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realización e avaliación do proxecto durante o curso 2022/2023	Titores e un coordinador	Finai de curso	Rede Agueiro Jamboard		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E. Pedagogía: apoios e recursos						
3. OBXECTIVO (1):	Crear recursos dixitais para empregar na práctica docente na etapa de EI (*E2 Creación de recursos dixitais)				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de recursos dixitais creados polo profesorado participante no PFPP (Instrumento: Enquisa ao profesorado participante no PFPP)					
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data (4)	6 recursos dixitais creados por docente			31/3/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Solicitar un PFPP cunha liña de creación de recursos dixitais	Equipo Directivo	30/10/2022	Conexión internet PC's		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Crear recursos dixitais adaptados ao currículo de EI	Xefatura de estudos. Profesorado	22/12/2022	Software específico (de ser o caso)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Publicar na aula virtual recursos dixitais adaptados ao currículo de EI creados polo profesorado	Profesorado	31/3/2023	Recursos creados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓN A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

Avaliación do plan

Pretendemos con este Plan axudar ao centro a planificar, implantar e avaliar todo o proceso de enseñanza-aprendizaxe utilizando as TIC's, Agueiro, Jamboard, a través dos diferentes recursos materiais mencionados no Plan.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será:

- **Avaliación procesual:** unha vez por trimestre para analizar as accións levadas a cabo, valorar os resultados obtidos e, de ser o caso, facer modificacións ou propostas de mellora.

- **Avaliación final:** ao remate do curso escolar. Coa valoración do logro dos obxectivos, outras propostas e compartir experiencias para o seguinte curso. Recolleranse datos finais en informes, enquisas e reunións.

Difusión do plan

A publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa seguirá o protocolo marcado de comunicación doutros planes: farase chegar copia aos membros do Claustro e do Consello Escolar do centro, así como informarase aos pais a través do correo electrónico e porase copia no espacio protexido da **web do centro**.